


NUMAX NA ESCOLA

NUMAX é unha cooperativa de traballo asociado non lucrativa que dispón dun cinema, unha librería e un estudio de deseño, comunicación e produción de vídeo no centro de Santiago de Compostela desde marzo de 2015.

Esta actividade nace coa vontade de achegar o cinema ao alumnado de primaria, secundaria e bacharelato e co obxectivo de contribuír a completar a súa formación.

Aproveitando a única sala de cinema do centro da cidade, as actividades propostas recuperan a experiencia das proxeccións en versión orixinal subtitulada, amais de introducir o alumnado e profundizar co corpo docente na linguaxe cinematográfica, compartir a sesión en grupo e empregar o cinema como recurso didáctico.

Pódese visitar a nosa web en:
<http://numax.org>



O CINEMA NUMAX

Cun **aforo de 70 butacas** e 70 m2 de superficie, o cinema NUMAX está equipado co último estándar profesional de proxección dixital (DCI 4K), que posibilita a exhibición en todos os soportes de alta definición, converténdose así na única sala estábel do centro de Santiago de Compostela con esta tecnoloxía.

NUMAX proxecta ao redor **8 títulos ao mes**, todos eles en **versión orixinal subtitulada**, distribuídos en 30 sesións por semana de 12 da mañá a 22h da noite, que suman 1.500 proxeccións anuais.

A programación dalle especial atención á **estrea de obras** cinematográficas que apostan pola innovación formal e temática, e que habitualmente non atopan o espazo axeitado nas carteleiras.

Tamén traballamos con sesións destinadas a **público mozo** e **reposicións de filmes clásicos** que establecen un diálogo coas propostas máis recentes.



NUMAX liga a tradición dos cinemas de Arte e Ensaio cos novos cinemas de Pescuda e Achado, tal e como se están a agrupar na actualidade as salas que tentan anovar de maneira activa as formas cinematográficas e as prácticas culturais.

1. OBXECTIVOS



Consideramos que o feito de traballar con **material cinematográfico** resulta de especial interese porque pode achegarlle unha serie de valores ao alumnado.

Entender o cinema como arte, técnica e medio de expresión

Analizar os filmes para estudar a súa narración e linguaxe.

Estimular a capacidade crítica como espectadores.

Aprender a interpretar o cinema desde unha óptica que abrangue a historia dos séculos XX e XXI

Propomos empregar o cinema como unha **ferramenta educativa**, acaída e de utilidade para **contidos curriculares**.



2. DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

A formulación da actividade divídese en **dúas partes**:

1. Ofrecer aos docentes unha unidade didáctica elaborada especificamente para cada filme, con contidos, recursos e actividades para que poidan traballar co alumnado nas aulas antes e despois da proxección do filme en NUMAX. Os títulos son de especial interese para traballar tanto **contidos curriculares** como **eixos transversais** [neste dossier presentamos unha breve explicación. Nas unidades didácticas que entregaremos desenvólvense estes contidos]. O noso catálogo inclúe filmes para todos os niveis da ensinanza: **Primaria, Secundaria e Bacharelato**.

2. A asistencia ao Cinema NUMAX, onde se proxectará o filme seleccionado. Previo acordo, proporemos un **calendario** para que cada centro poida concertar a data e hora na que se celebrará a proxección.

A partir do mes de **novembro**, ofrecemos a dispoñibilidade do Cinema NUMAX de **martes a venres** en sesións de **10 ou 12h**, coa posibilidade de acordar outros horarios previa solicitude.

Cada solicitude para NUMAX na Escola deberá incluír unha orde de preferencia dos filmes. De entre os 5 filmes ofrecidos, propomos que cada centro ou aula seleccione tres para traballar con eles durante o curso académico, a razón de un por trimestre. No caso de que o centro estea interesado, procederemos a enviar o **formulario de solicitude**.

PREZO 4,80€ / alumno

Custe total da actividade incluíndo o material didáctico e a proxección, tendo a sala unha capacidade de 70 butacas. No caso dun número meirande de alumnos, pódense facer 2 proxeccións no día, unha as 10h. e outra as 12h. ou repetilas durante a semana en días diferentes.



3. CATÁLOGO DE FILMES

AS VACACIÓNS DE M. HULOT

Jacques Tati, Francia, 1953, 88'

VERSIÓN ORIXINAL
SUBTITULADA AO GALEGO

Calificación por idades:

Para todos os públicos.
Especialmente axeitado
para o alumnado de primaria
e secundaria.

Sinopse:

Nun balneario da costa atlántica, os veraneantes non son quen de se afastar dos seus rutineiros costumes urbanos. Até que chega o señor Hulot ao volante da súa vella carraca e rompe a calma estival. Para gran alegría dos cativos, Hulot ofrecerá aos hóspedes do hotel unhas vacacións inolvidábeis.

Trátase dun filme moi fermoso pola sutileza coa que mostra a **transformación da sociedade**. Contén poucos diálogos, polo que o subtítulado non resulta un problema para o alumnado máis cativo.

Liñas de traballo que propón o filme:

Permite apreciar a importancia do son no desenlace cinematográfico e como se complementan imaxe e son. Evidencia a **capacidade descritiva e narrativa da imaxe**.



GIRLHOOD

Céline Sciamma,
Francia, 2014, 112'

VERSIÓN ORIXINAL
SUBTITULADA AO GALEGO

Calificación por idades:

Recomendada para maiores de 12 anos.

Especialmente axeitado para o alumnado de secundaria e bacharelato.

Sinopse:

Para Marieme, a vida é unha sucesión de prohibicións. Séntese agoniada pola súa familia, pola escola e pola implacábel lei dos rapaces do barrio. Pero a súa vida muda cando coñece un grupo de rapazas de espírito libre. Daquela cambia o seu nome, o seu xeito de vestir e abandona a escola para ser aceptada no grupo. Convertida en Vic, abraza o código da rúa onde se misturan violencia, amizade e liberdade.

Para *Girlhood*, a directora escolleu rapaces entre 14 e 20 anos sen experiencia previa no mundo da interpretación, tras un exhaustivo casting de catro meses polas rúas, centros comerciais e parques de atraccións de París e arredores.

Liñas de traballo que propón o filme:

Moi adecuado para traballar temas de **xénero, de sexualidade, da comunicación, da amizade e a discriminación racial.**



LOS HONGOS

Óscar Ruíz Navia,
Colombia, 2014, 103'

VERSIÓN ORIXINAL
EN CASTELÁN

Calificación por idades:

Recomendado para
maiores de 12 anos.
Especialmente axeitado para
o alumnado de secundaria
e bacharelato.

Sinopse:

Cada noite despois do seu
traballo na construción, Ras
pinta grafitis en distintos muros
do seu barrio ao leste de Cali.
Aínda non durmiu e xa soña
esperto. Un día perde o seu
traballo por roubar uns baldes
de pintura que empregaba
para facer un gran mural. Sen
un can no peto, cruza a cidade
para xuntarse con outro mozo
grafiteiro que estuda belas artes
e coida da súa avoa. Os dous
percorrerán ao pairo a cidade
e no camiño, coma dous fungos,
contaminarán o seu contorno
de inmensa liberdade.

Fai unha aproximación ás
clases sociais menos favorecidas
dende unha perspectiva real
e nada pretenciosa. Traballa
con actores non profesionais.
Demuestra a posibilidade dun
cinema de calidade feito con
poucos recursos.

Liñas de traballo que propón o filme:

O filme trata temas coma
**a sexualidade, o coidado
dos maiores e as relacións
familiares e de amizade.**



NUMAX PRESENTA

Joaquín Jordá, España, 1980, 115'

VERSIÓN ORIXINAL

EN CASTELÁN

Calificación por idades:

Para todos os públicos.

Recomendada para alumnos de bacharelato.

Sinopse:

En 1977, os propietarios da empresa catalá Numax, S.A. anuncian a súa intención de pechala e a sociedade entra en suspensión de pagamentos. Un grupo de traballadores de Numax comeza a organizarse e conseguen recuperar a produción de maneira autoxestionada. Após dous anos pelexando por sacala adiante, decididos a mudar de vida e abandonar a cadea de produción, pídenlle a Joaquín Jordá que lles faga un filme que retrate esta experiencia. Xuntan as 600.000 pesetas da caixa de resistencia e a Asamblea de Traballadores de Numax produce Numax presenta.

O documental mostra un proceso que comezou como unha reivindicación laboral para transformarse nunha loita pola conquista da liberdade persoal.

Liñas de traballo que propón o filme:

Apropiado para as materias de **historia e ciencias sociais**, concretamente na explicación da **Transición española**. Tamén exemplifica dende unha perspectiva moi ingeresante os **movementos sociais e os procesos assemblearios**.



NUBES PASAXEIRAS

Aki Kaurismaki,
Finlandia, 1996, 96'

VERSIÓN ORIXINAL SUBTITULADA
AO GALEGO

Calificación por idades:

Recomendada para
maiores de 12 anos.

Especialmente axeitado para
o alumnado de secundaria
e bacharelato.

Sinopse:

Ilona e Lauri, unha parella como
outras tantas, van construindo a
súa vida como mellor poden. Ela é
maître no restaurante Dubrovnik
e el condutor de tranvías. As letras
van vencendo e vense os dous
sen emprego con pouco tempo de
diferenza. Enfrontarán a indolencia
da sociedade ao seu esforzo por
refacer as súas vidas.

Filme destacable polo seu
realismo, e sobretudo pola
**capacidade narrativa e
descriptiva** que o director
chega a alcanzar cunha sinxeleza
abraiante.

Liñas de traballo que propón o filme:

Apropiada para a asignatura de
ciencias sociais, ilustra dun xeito
moi delicado as dificultades das
**épocas de crise e as derivas do
capitalismo**.



Un cinema, unha librería
e un laboratorio gráfico
e audiovisual.

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9
15702 Santiago de Compostela
+34 981 560 250 | 608 159 784
www.numax.org
escola@numax.org

